

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VALGA PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS COMPLEMENTARIAS E EQUIPAMENTO DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA CAÑA DO PAÍS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Valga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Valga para a realización de obras complementarias e equipamento do Centro de Interpretación da Caña do País.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.



Terceiro.- Que no ano 2013 declarouse festa de interese turístico de Galicia a “Festa da anguía e mostra da caña do País”. Xunto coa anguía, o augardente é outro dos produtos típicos da zona que se centra nas tres variantes, branca, herbas e tostada.

Aproveitando unha edificación sen uso propiedade do concello, o ano pasado rehabilitouse e acondicionouse para ser destinada a Centro de interpretación, coa colaboración da Axencia Turismo de Galicia mediante a sinatura dun convenio de colaboración que instrumentaba a concesión dunha subvención directa, sendo o obxectivo principal do citado Centro de Interpretación a creación de sensibilidade, conciencia, entendemento, entusiasmo e compromiso cara a caña do país.

Unha vez realizadas as citadas obras de rehabilitación do Centro de Interpretación da Caña do País, resulta necesario a realización dunhas obras complementarias, así como dotar de equipamento a dúas salas: a sala de mostra e catas e a sala de destilación tradicional e elaboración de licores.

Concorren, así, razóns de interese público que xustifican o outorgamento dunha subvención sen que proceda promover a concorrència pública ao ser o concello beneficiario á única entidade que pode desenvolver á actuación subvencionada.

Cuarto.- Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Valga unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados



na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

